

Breve historia do Instituto

1842-1848.- Coa división do territorio en provincias nacen as Deputacións provinciais, ás cales se lles encomenda, entre outras cousas, o mantemento dun novo modelo de ensino secundario concretado na creación dos institutos provinciais, inicialmente denominados “Universidades de provincias”. Xa que logo, a Deputación de Lugo presenta a súa petición na primavera de 1842, aproveitando que daquela ocupaba a presidencia do goberno o lucense Marqués de Rodil, quen algo debeu ter que ver coa boa recepción da iniciativa... A concesión apróbase na R.O de 30 de novembro de 1842, axiña asegundada coas primeiras fórmulas administrativas que permitirían o funcionamento e a adxudicación das primeiras cátedras e partidas orzamentarias, cubertas inicialmente cun arbitrio sobre o viño. Logo enriquecería o seu cadro de persoal coa incorporación de novos catedráticos, nunha serie encabezada polo primeiro director do centro, José Jorge de la Peña e o primeiro secretario, Antonio Magín Plá, situándose o centro, de xeito provisional, en locais compartidos co Seminario Conciliar, ata que no final do curso de 1848 se decidiu o seu traslado a Monforte, nunha discutida decisión favorecida pola suposta xenerosidade do Duque de Alba, quen cedeu a tal efecto as dependencias do Colexio da Compañía e as súas correspondentes rendas.

1848-1862.- Nos primeiros anos mantívose unha apreciable matrícula, pero a partir dos anos cincuenta o número de alumnos descendeu progresivamente ao non recibir alumnos daqueles partidos da provincia que quedaban afastados da cidade do Cabe, incluídos os propios da capital. Estes mozos preferían estudar nos establecementos eclesiásticos ou nos institutos de Santiago ou Oviedo. Aínda así, por máis de unha década o Instituto permanecería en Monforte cumprindo, non sempre axustadamente, as prescricións determinadas polo Plan Pidal de 1845 e a Lei Moyano de 1857. Finalmente, a inexistencia de razóns económicas que xustificasen a permanencia do centro en Monforte culminou co traslado á capital da provincia a partir do curso 1862-63.

1862-1873.- O Instituto permanecería unha longa década nuns locais cedidos polo Concello, sempre baixo a titoría da Deputación, que controlaba os seus gastos o cubría os seus déficits. Durante este tempo chegarían a estas dependencias novos catedráticos, entre os que podemos citar a Gumersindo Laverde Ruíz ou a Valentín Portabales Blanco, máis tarde director do centro por moitos lustros.

1873-1951.- É a etapa máis extensa da historia do Instituto provincial, unha institución que a fins de século iría incrementando un alumnado que continuaba a ser exclusivamente masculino, para comenar a facerse mixto a partir da segunda década do século XX. Nese tempo, o Instituto debe ser considerado como o núcleo máis importante do ambiente académico e intelectual da cidade e da provincia. Polas súas aulas pasarán persoeiros que logo destacarían en diferentes campos (política, ciencias, letras, artes...) como Antón Vilar Ponte, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole ou Manuel Castro Gil, por nomear só algúns deles.

O panorama educativo lucense verase conmovido por decisivos acontecementos políticos: a proclamación da II República (1931), coa que se abre un breve pero intenso período na vida do centro. Nesta etapa incorpóranse prestixiosos profesores como Alfredo Rodríguez Labajo, Glicerio Albarrán ou Xosé Filgueira Valverde. Anos despois, o triunfo nesta zona do "Alzamiento Nacional" quedará recollido na acta de 15 de setembro de 1936 na que se amosaba a adhesión incondicional dos profesores ao réxime franquista, asunto que evidentemente tería moito que ver coa súa continuidade profesional... O franquismo imporá a separación de sexos e, con iso, a aparición dun novo instituto: o “Femenino” (1942). Pola súa parte, o “Masculino” vivirá nos anos corenta unha

considerable remodelación do seu claustro coa incorporación de novos profesores: Francisco Bernis, Lázaro Montero, Luciano Fernández Penedo, etc.

1951-2017.- O Instituto trasladará gran parte do equipamento escolar, material didáctico dos seus laboratorios e un importantísimo fondo bibliográfico e documental a un novo edificio construído na avenida Rodríguez Mourelo da capital. Aquí iniciará unha nova etapa académica que chegará ata hoxe, coas alternativas que virán marcadas polos diversos plans educativos: Lei Villar Palasí, de 1970; LOXSE, en 1990 ou LOMCE no momento actual. Nos últimos anos o centro realizou un considerable esforzo de renovación, coa habilitación de novas aulas: idiomas, música, debuxo, audiovisuais, tecnoloxía, informática...e novos locais: biblioteca, arquivo histórico, sala de exposición permanente, etc. Pola súa historia, situación e instalacións, o Instituto Lucus Augusti é hoxe non só un centro educativo no que se imparten ensinanzas de nivel secundario e Ciclos da familia profesional Química, senón tamén un edificio utilizado a cotío para cursos de formación e actividades de carácter social, cultural ou político, polo que pode seguir considerándose como un referente cultural para a cidade coa que se identifica, mesmo nominalmente, desde hai 175 anos.